



Mato defende a necesidade da implicación do conxunto da sociedade para facer fronte ao “inverno demográfico”



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Santiago de Compostela o Congreso Internacional de Demografía, que conta coa presenza de distintos expertos europeos
- ▶ Sinalou que é preciso acadar un “Pacto de Estado” e “involucramos todos na loita contra a perda de poboación e o envellecemento”, co impulso e liderado das administracións públicas
- ▶ O Goberno galego está a traballar en tres eixos: a concienciación social, a posta en marcha de novas políticas de familia, e a colaboración en rede con outras rexións
- ▶ O incremento dos beneficios fiscais sitúa actualmente a Galicia á cabeza de todas as autonomías nesta materia
- ▶ Galicia está a traballar con outras seis comunidades autónomas para buscar solucións comúns, e trasladar a súa problemática tanto ao Goberno central como á Unión Europea
- ▶ De continuar a tendencia actual, Galicia podería perder 150.000 habitantes en 10 anos, e situarse nunha poboación total inferior á que existía en 1900.

O vicepresidente da Xunta avanza a creación da Axencia Galega de Servizos Sociais para unificar a xestión do traballo que realizan máis de 4.000 persoas en preto de 300 equipamentos, garantindo maior calidade e menos custos

- ▶ Subliña que se agruparán baixo unha única personalidade xurídica os recursos humanos e materiais que ata agora xestionaban o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a Secretaría Xeral de Política Social e a Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Traballo pon en marcha por primeira vez un incentivo de ata 15.000 euros para a creación de cooperativas xuvenís en Galicia

- ▶ Esta medida está incluída no Plan de emprego xuvenil que ten como novidade o programa Xuventude Coop., que engloba un conxunto de accións dirixidas a que a mocidade galega poida iniciar a súa experiencia cooperativa.

O DOG publica a convocatoria de axudas por fillo a cargo de 360 euros

- ▶ A petición formalizarase no formulario normalizado que está dispoñible na sede electrónica da Xunta no enderezo <https://sede.xunta.es>.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra o mellor mes de marzo desde 2004, cun descenso do paro de 3.608 persoas

- ▶ Galicia foi a terceira comunidade autónoma na que máis diminuíu o paro rexistrado en termos absolutos con respecto ao mes anterior
- ▶ Rexistrouse a quinta baixada interanual consecutiva, sendo esta a maior de todas elas, cunha porcentaxe do -5,06

Sumario	Política social	2-6	Informe do paro rexistrado	12
	Traballo e economía social	7-9	Xuventude e voluntariado	13-15
	Sinistralidade laboral	8	Publicacións	15
	Emprego e formación	10-12	Normativa	16-22
Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar			
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas			
	Coordinación: Pepa Dabán Royo			
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces			
	ISSN: 2254-7835			

Política social

Mato defende a necesidade da implicación do conxunto da sociedade para facer fronte ao “inverno demográfico”

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Santiago de Compostela o Congreso Internacional de Demografía, que conta coa presenza de distintos expertos europeos
- ▶ Sinalou que é preciso acadar un “pacto de Estado” e “involucrarnos todos na loita contra a perda de poboación e o envellecemento”, co impulso e liderado das administracións públicas
- ▶ O Goberno galego está a traballar en tres eixos: a concienciación social, a posta en marcha de novas políticas de familia, e a colaboración en rede con outras rexións
- ▶ O incremento dos beneficios fiscais sitúa actualmente a Galicia á cabeza de todas as autonomías nesta materia
- ▶ Galicia está a traballar con outras seis comunidades autónomas para buscar solucións comúns, e trasladar a súa problemática tanto ao Goberno central como á Unión Europea
- ▶ De continuar a tendencia actual, Galicia podería perder 150.000 habitantes en 10 anos, e situarse nunha poboación total inferior á que existía en 1900.

Santiago, 21 de marzo de 2014.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, apelou á necesidade dun “compromiso total, dun pacto de Estado” para facer fronte á crise demográfica, unha “loita” na que tamén debe estar involucrada toda a sociedade no seu conxunto nunha sorte de “pacto social”.

Así o afirmou durante a súa participación no Congreso Internacional de Demografía, impulsado polo departamento autonómico que dirixe. Neste evento, que ten como principal obxectivo a sensibilización da sociedade e a transferencia de experiencia, están a participar expertos europeos recoñecidos na materia.

A responsable autonómica cualificou o problema demográfico como “estrutural e de calado”, polo que a súa resposta require dun “compromiso estable e continuado, máis aló de conxunturas económicas e de cores políticas”.

Aínda que indicou que a solución debe partir do “conxunto da sociedade”, asegurou que esta resposta debe estar “impulsada e liderada” polas administracións públicas. Precisamente, iso é o que está a facer o Goberno galego, que traballa actualmente sobre tres liñas principais: a concienciación social e a sensibilización; a posta en marcha de novas políticas de familia e apoios á natalidade, inscritos no Plan de dinamización demográfica; e a creación de grupos de traballo con outras rexións, a nivel español e europeo, para crear sinerxias e trasladar boas prácticas.



Beatriz Mato no Congreso Internacional da Demografía

Trátase da primeira vez na historia da autonomía que un Goberno está a liderar un Plan de dinamización demográfica, composto por 69 medidas. A sensibilización é un dos seus eixos principais, pero a articulación de novas políticas son tamén fundamentais e constitúen un paso necesario na mellora do comportamento poboacional, como demostra o exemplo de “moitos países do noso contorno que, con políticas de familia axeitadas, teñen equilibrado o déficit demográfico nos últimos anos”, entre os que citou o modelo nórdico, ou o caso francés.

Como proba tamén de que as políticas de conciliación funcionan citou un estudio realizado en Italia que concluíu que un 10 por cento de aumento da ratio de cobertura de escolas infantís públicas supón un incremento de

0,2 puntos no índice sintético de fecundidade. De feito, esta ten sido unha das principais apostas da área de Benestar. Grazas a este esforzo, a rede autonómica de escolas para nenos e nenas de 0-3 anos conta actualmente con 8.750 prazas, un 61 por cento máis que en 2009.

Ademais, dentro do Plan demográfico estanse deseñando novos instrumentos como as casas-niño ou o servizo de axuda no fogar para a infancia. Engádesse a isto que se teñen incrementado as deducións fiscais por nacemento ou adopción dun fillo nun 20 por cento –pasaron de 300 a 360 euros este ano–, unha liña de aumento que se seguirá nos próximos anos. Deste xeito, Galicia sitúase á cabeza de todas as autonomías en beneficios fiscais á natalidade.

En canto á colaboración con outras rexións afectadas pola mesma problemática, Mato lembrou que Galicia está a participar en diversos proxectos europeos como o Symbios, ou a Rede de rexións afectadas polo cambio demográfico (DCRN), da que tamén forman parte outras 40 rexións.

A cooperación estase impulsando tamén a nivel nacional. Galicia, xunto con outras 5 comunidades autónomas que están a “sufrir o inverno demográfico” –Asturias, Castela e León, Castela –A Mancha, Aragón e Extremadura–, forman parte dun grupo de traballo na procura de solucións comúns. Na última xuntanza, acordaron trasladar ao Goberno central a necesidade de acadar un Pacto de Estado. Este grupo tamén ten previsto levar a súa problemática ante a Unión Europea.

PLAN PARA A DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA DE GALICIA 2013-2016, HORIZONTE 2020

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/PLAN_DINAMIZACION_DEMOGRAFICA_DE_GALICIA_2013-2016_V2.pdfDemografía

Datos demográficos

A conselleira inscribiu todas estas medidas na necesidade de facer fronte ao problema demográfico porque “non vai ser posible manter nas próximas décadas a sociedade do benestar, tal e como hoxe a entendemos”.

Lembrou, por exemplo, que a taxa de substitución poboacional sitúase en 2,1 fillos por muller en idade fértil, mentres que en Galicia actualmente non chega ao 1,1, “moi lonxe de acadar a renovación xeracional”. Esta caída da natalidade “non é nova, xa que leva ocorrendo desde os anos 70. No 1981 a taxa caeu por primeira vez por debaixo do limiar de substitución, e en 1998, en época de bonanza, marcou o seu mínimo histórico”.

Estas cifras supuxeron que en Galicia, desde o ano 1981, se perdesen 46.000 habitantes. De continuar esta tendencia, a poboación podería caer noutras 15.000 persoas en 10 anos, polo que o número total de habitantes da Comunidade Autónoma en 2051 podería estar por debaixo dos que existían en 1900.

A perda da poboación non é a única consecuencia, xa que non se pode esquecer o envellecemento

da poboación. En 1975 a idade media da poboación galega era de 35 anos, e hoxe sitúase nos 45,4.

Todos estes datos supoñen que, “de non tomar medidas, Galicia seguirá a perder poboación en idade laboral e haberá un número crecente de maiores e, en consecuencia, das situacións de dependencia”. Isto repercute na economía, de aí que a OCDE asegure que a crise demográfica vai rebaixar o crecemento do PIB europeo nun 0,7 por cento anual ao longo das próximas décadas.

No que se refire ás causas do inverno demográfico, a conselleira lembrou que todos os estudos destacan a existencia de diversos factores. Entre outros, citou a incorporación da muller ao mercado laboral, o postergamento da maternidade, os cambios na estrutura familiar ou a crise económica, aínda que apuntou que este último factor “non se pode considerar de peso dado que o problema se vén producindo desde os anos 70”.

En resumo e para rematar, Mato apostou por seguir afondando na sensibilización da sociedade, por continuar intercambiando experiencias, por seguir deseñando novas políticas de familia para impulsar a natalidade, e por conseguir o compromiso de toda a



Galicia demanda á Unión Europea que se introduza o parámetro de demografía na execución dos fondos europeos

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, desprazouse a Bruxelas co fin de elevar o problema demográfico ás diferentes institucións europeas xunto con representantes das outras cinco comunidades autónomas que asinaron a declaración de Zaragoza: Extremadura, Castela e León, Castela A Mancha, Aragón e Asturias
- ▶ Abordaron a posibilidade de introducir o obxectivo de loita contra a crise demográfica na revisión que se vai acometer da Estratexia Europa 2020
- ▶ Ademais desta petición, solicitaron que a diversidade dos problemas demográficos sexa tida en conta para a definición de “zonas con desvantaxes naturais”
- ▶ Mantiveron unha xuntanza co comisario de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión, László Andor
- ▶ Ademais, participaron nun encontro no comité das Rexións e reuníronse co embaixador representante permanente adxunto ante a UE, José Pascual Marco Martínez

Bruxelas, 2 de abril de 2014.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, en representación de Galicia, e xunto con outras cinco comunidades autónomas, demandou ante a Comisión Europea que se introduza o parámetro da demografía na execución dos fondos europeos 2014-2020.

Así o destacou a titular do departamento autonómico, tras unha xornada de traballo na que mantivo encontros en diversos estamentos da Unión Europea. A primeira hora da mañá, os representantes das seis comunidades autónomas tomaron parte nun encontro no Comité das rexións, xunto con outros territorios europeos. Mantiveron tamén unha xuntanza co comisario europeo de Emprego, Asuntos sociais e Inclusión, László Andor, así como con eurodeputados. Por último, reuníronse co embaixador representante permanente adxunto ante a UE, José Pascual Marco Martínez.

Na visita participaron as comunidades autónomas que tamén asinaron, o pasado mes de febreiro, a II Declaración institucional polo cambio demográfico: Asturias, Castela A Mancha, Aragón, Castela e León, Extremadura e Galicia. Estes territorios están tamén integrados na Rede europea de rexións con desafíos demográficos.

<http://www.proyectosymbios.eu/>



O vicepresidente da Xunta avanza a creación da Axencia Galega de Servizos Sociais para unificar a xestión do traballo que realizan máis de 4.000 persoas en preto de 300 equipamentos, garantindo maior calidade e menos custos

- Subliña que se agruparán baixo unha única personalidade xurídica os recursos humanos e materiais que ata agora xestionaban o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a Secretaría Xeral de Política Social e a Dirección Xeral de Familia e Inclusión
- Resalta que a unificación se traducirá en máis eficacia nos servizos sociais públicos porque permitirá aplicar criterios homoxéneos, eliminar duplicidades e dispor de marxes económicas para seguir mellorando
- Apunta que a fusión de recursos facilitará que as carteiras de servizos sexan unha realidade de forma máis rápida e ordenada
- Anuncia que a previsión da Xunta é que a Axencia teña a asumido en 2015 a xestión dos centros do Consorcio e das escolas infantís da Dirección Xeral de Familia e Inclusión



Alfonso Rueda, na rolda de prensa do Consello

Santiago, 20 de marzo de 2014.- O vicepresidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, avanzou, tras o Consello da Xunta, a creación da Axencia Galega de Servizos Sociais, o que cualificou como “unha das decisións de maior calado dentro da reorganización da estrutura organizativa” da Administración autonómica. Así, segundo dixo, o decreto aprobado polo Executivo autonómico suporá a creación dunha axencia que “unificará a xestión de todo o que ten que ver cos servizos sociais públicos na comunidade e as máis de 4.000 persoas que garanten o funcionamento de preto de 300 equipamentos”. Dese xeito, engadiu, evitáranse duplicidades e racionalizaranse os recursos, conseguindo menos custos, máis eficacia e maior calidade nos servizos que se prestan aos cidadáns.

Rueda precisou que con este decreto se dá o último paso nun proceso dunha enorme complexidade tanto na súa concepción como na súa aplicación. Así, indicou que o proceso foi complexo, en primeiro lugar, polas dimensións da futura axencia, “a máis grande, non só de todas as que teñen creado ata o de agora, senón tamén, probablemente, das que se creen no futuro dentro

deste proceso de racionalización da Administración autonómica”. En segundo lugar, complexo porque involucra non só a distintos departamentos da Xunta, senón tamén a varias administracións. E, finalmente, complexo pola disparidade de centros e de persoal que hai que unificar na nova axencia.

O vicepresidente do Executivo galego salientou as “evidentes” vantaxes que implica a creación da Axencia Galega de Servizos Sociais. Así, referiuse a que a súa posta en marcha responde a un mandato legal recollido na Lei de servizos sociais desde 2008, ao tempo que dá continuidade á liña de racionalización emprendida desde 2009 para contar cunha Xunta máis pequena e máis eficaz.

Para Alfonso Rueda, o máis importante é que Axencia traerá “importantes vantaxes para os cidadáns e para a propia Administración”. Nese sentido, destacou que suporá a unificación, nunha única persoa xurídica, de todos os recursos humanos e materiais dos que dispón o Goberno galego para prestar os servizos sociais. É dicir, que se van agrupar baixo un único paraugas miles de traballadores que desenvolven o seu labor en preto de 300 equipamentos sociais e 3 órganos administrativos,

que son o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a Secretaría Xeral de Política Social e a Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

“A unificación traducirase, ademais, en máis eficacia nos servizos sociais públicos, ao poder xestionar con criterios moito máis homoxéneos e evitar de xeito definitivo a duplicidade de estruturas”, salientou, e engadiu que a Axencia fará posible prestar os servizos con menos custos, “o que permitirá obter marxes económicos para seguir mellorando a calidade de servizos sociais públicos” como ven facendo o Goberno galego nos últimos anos.

No tocante á calidade, Rueda salientou que a fusión dos recursos facilitará que as carteiras de servizos sexan unha realidade “de forma máis rápida e ordenada. “A idea é aplicar aos servizos sociais públicos un modelo similar ao que supón a existencia do Servizo Galego de Saúde para a xestión da sanidade pública”, resaltou.

En relación co cronograma de posta en marcha da Axencia galega de Servizos Sociais, Alfonso

Rueda salientou que a previsión da Xunta é que sexa constituída nun prazo de tres meses, coa reunión do consello reitor, e que nos tres meses seguintes se porá en funcionamento para ir asumindo progresivamente as escolas infantís da Dirección Xeral de Familia, ao tempo que se comezan a asinar os correspondentes convenios cos concellos que agora dependen do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Concretou que o obxectivo é que a axencia poida ter asumido en 2015 a totalidade de centros do Consorcio, e parte dos servizos sociais que agora mesmo se están a prestar nos diferentes centros da Administración autonómica.

Rueda subliñou, por último, que o novo organismo seguirá estando rexido, tamén, polos principios de colaboración co que se levan prestando os servizos sociais nos últimos anos. E, deste xeito, continuarase contando cos concellos, que terán representantes –propostos pola Fegamp– no Consello reitor.

O DOG publica a convocatoria de axudas por fillo a cargo de 360 euros

- A prestación da Consellería de Traballo e Benestar consiste nun pagamento único por cada un dos fillos menores de 3 anos
- A petición formalizarase no formulario normalizado que está dispoñible na sede electrónica da Xunta no enderezo <https://sede.xunta.es>
- O prazo de presentación das solicitudes, segundo publica o DOG, será de corenta días naturais contados desde o día seguinte a publicación da convocatoria no DOG.
- A resolución destas axudas, que o ano pasado beneficiaron a preto de 3.000 persoas, será nun prazo de cinco meses
- Esta medida forma parte do Plan de dinamización demográfica de Galicia que inclúe este ano, como novidade, un incremento dos incentivos fiscais.

Santiago, 17 de marzo de 2014.- A prestación por fillo a cargo da Consellería de Traballo e Benestar poderá solicitarse desde mañá, segundo publica o Diario Oficial de Galicia (DOG). A axuda consiste nun pagamento único de 360 euros por cada un dos fillos menores de 3 anos.

Esta prestación dirixese a aquelas persoas que, con data do 1 de xaneiro deste ano, tivese ao seu cargo fillos ou fillas menores de tres anos (nados entre o 2 de xaneiro de 2011 e 1 de xaneiro de 2014), sempre que durante o ano 2012 non estivesen obrigados a presentar a declaración polo imposto sobre a renda, nin

a presentasen de xeito voluntario.

No caso de fillos ou fillas adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2012 e o 31 de decembro de 2013, a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

Para solicitar a axuda é necesario que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia e que os nenos convivan coa persoa solicitante. A petición formalizarase no formulario normalizado que está dispoñible na sede electrónica da Xunta no enderezo <https://sede.xunta.es>.

O prazo de presentación das solicitudes será de corenta días

naturais contados desde o día seguinte a publicación da convocatoria no DOG. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica, si ben tamén se poden presentar en papel.

A resolución destas axudas, que o ano pasado beneficiaron a preto de 3.000 persoas, será nun prazo de seis meses desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. A Consellería de Traballo e Benestar adiantou este ano a convocatoria destas axudas, que noutros exercicios saía publicada no DOG a partir do mes de abril.

Esta medida forma parte do primeiro Plan de dinamización demográfica de Galicia que foi aprobado o ano pasado no Parlamento galego. Contén 69 medidas e, entre as máis novas, figura este ano o incremento dos incentivos fiscais. A dedución por nacemento ou adopción dun fillo elévase este exercicio de 300 a 360 euros. Outras axudas que inclúe este plan é a exención dos prezos públicos a partir do segundo fillo nas escolas infantís, a posta en marcha das casas-niño no rural ou o servizo de axuda no fogar á infancia.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140317/AnuncioCA05-110314-0008_gl.pdf



O número de vehículos de transporte adaptado financiados con fondos públicos duplícase este ano

- Así o explicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no Parlamento galego onde garantiu que non hai ningún tipo de desmantelamento do servizo do 065, xa que o seu orzamento segue sendo de 13 millóns de euros
- En concreto, aseverou Mato, pásase de 176 vehículos a un total de 362 que estarán en funcionamento neste exercicio.

Santiago, 12 de marzo de 2014.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asegurou no Parlamento galego que o número de vehículos de transporte adaptado financiados con fondos públicos duplicarase este ano, ao pasar de 176 vehículos financiados a un total de 362 que estarán en funcionamento neste exercicio. Esta cifra, indicou, inclúe o transporte

adaptado regular para maiores e persoas con discapacidade e o puntual (065).

Así, a titular do departamento autonómico explicou que a remodelación no transporte adaptado “non supón ningún tipo de desmantelamento”, dado que o número de vehículos se incrementa e que o orzamento destinado a este obxectivo, se mantén, como mínimo, en

13 millóns de euros para este ano, ao igual que no exercicio anterior.

Mato explicou que a remodelación no servizo de transporte adaptado seguiu as indicacións de expertos e usuarios. A partir de agora, o transporte divídese en dúas modalidades: de carácter puntual (065) para acudir a visitas médicas, fisioterapia, xornadas formativas, ou outras relacionadas co coidado persoal....; e no de carácter regular, para centros de día do Consorcio, de atención á discapacidade e de alzhéimer. Esta última refírese á ida e volta diaria dos centros de día de atención a maiores ou persoas con discapacidade.

Por iso, a titular do departamento autonómico garantiu que o cambio acometido “acadará unha mellora nas súas prestacións e, ademais, permitirá atender a máis usuarios” que co actual modelo.

Ambos transportes contarán co financiamento da Xunta, pero dividido nestas dúas modalidades. Os de carácter regular serán organizados a partir de agora por cada centro para gañar en eficacia, pero serán financiados ata o 90 por cento pola Administración autonómica, mentres o 065 será financiado ao 100% pola Administración autonómica e gratuito para os usuarios do mesmo.

Política social

Constituído por primeira vez o Consello Autonómico de Atención Temperá, que establecerá as liñas estratéxicas na materia

- ▶ O seu obxectivo é crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas sanitario, educativo e de servizos sociais
- ▶ Este organismo contará co apoio dunha comisión técnica, que terá como unha das súas principais finalidades a elaboración dun protocolo de coordinación na materia
- ▶ Ambas actuacións veñen recollidas no Decreto de atención temperá, aprobado o pasado mes de decembro, e que establece a creación por primeira vez dunha rede de atención temperá.



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato; a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, e o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez, presidiron esta sesión constitutiva

Santiago, 10 de marzo de 2014.- O Consello autonómico de atención temperá quedou hoxe constituído por vez primeira, baixo a presidencia da conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato. Nesta sesión constitutiva, participaron tamén a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera; e o conselleiro de Cultura, Educación, e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez. O Consello, que estará formado por seis membros, terá sempre como presidente a un dos tres conselleiros e serán elixidos por maioría. Cada presidencia durará un ano.

Este órgano, que queda adscrito a estes tres departamentos, vai ter como principal obxectivo establecer as liñas estratéxicas na materia e crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais coa finalidade de satisfacer os dereitos e necesidades daqueles nenos e nenas que padecen problemas de desenvolvemento ou están en risco de padecerlos.

Este organismo contará, á súa vez, co apoio dunha Comisión técnica de atención temperá. A súa principal función será realizar un protocolo de coordinación de atención temperá, que posteriormente será aprobada polo Consello. Este protocolo será un dos primeiros pasos para crear o espazo de coordinación entre os tres sistemas. A previsión é que este documento estea listo antes de que finalice o primeiro semestre.

Esta comisión encargarse

tamén de traballar na implantación dun sistema común de información e xestión de datos.

Ambas actuacións veñen recollidas no Decreto de atención temperá, que foi aprobado polo Consello da Xunta o pasado mes de decembro. Esta normativa supón un paso adiante no obxectivo de ofrecer unha atención temperá de calidade, e inscribese na mesma liña das políticas que se están a desenvolver neste eido na Unión Europea.

Así, este decreto crea por primeira vez en Galicia unha rede de atención temperá destinada a atender os nenos e nenas de entre 0 e 6 anos que padecen problemas de desenvolvemento ou están en risco de padecerlos (tanto dependentes, como non dependentes). Hai dúas metas fixadas: ofrecer unha atención integral, continuada, flexible e contextualizada; e, ao mesmo tempo, conseguir a máxima eficiencia á hora de prestar estes servizos. Deste xeito, prestarase unha atención de calidade ás familias e aos menores; avanzárase na súa autonomía e calidade de vida; e fomentárase a prevención da dependencia.

A creación da rede permitirá, tamén, que os distintos servizos e recursos (centros, programas de atención, unidades hospitalarias...) que pasen a formar parte dela actúen baixo uns mesmos criterios, e sexan acreditados baixo os mesmos parámetros.

Entre outras novidades, este decreto establece que os profesionais que traballen neste ámbito

deberán ter unha formación específica en atención temperá. Regula, tamén, a figura do profesional de referencia para as familias en relación aos tres ámbitos (sanidade, educación e servizos sociais).

En canto aos servizos específicos da rede, serán definidos nas respectivas carteiras. No caso dos menores con dependencia, os seus recursos xa veñen establecidos na carteira publicada o pasado mes de setembro no Diario Oficial

de Galicia (DOG), e son: diagnóstico e valoración; desenvolvemento psicomotor, cognitivo, de linguaxe e comunicación, da autonomía, e da área social e afectiva; e apoio, información, habilitación e formación da familia. No que se refire aos menores que non teñen ningún grao de dependencia, os seus recursos serán establecidos na carteira de servizos para persoas con autonomía, na que xa se está traballando.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131223/AnuncioCA05-101213-0002_gl.pdf



Traballo e Economía Social

Traballo investirá 1,8 millóns de euros en cinco liñas de axudas dirixidas a cooperativas que poderán beneficiar 500 persoas

- ▶ O prazo para solicitar as axudas xa está aberto e rematará o próximo 7 de abril inclusive
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar inclúe este ano, como novidade, un programa específico para mozos e mozas que poderán ter un incentivo de ata 15.000 euros pola creación dunha cooperativa en Galicia
- ▶ O programa de intercooperación e integración cooperativa, tamén novidade, promove procesos de concentración entre empresas de economía social co financiamento de contías de ata 30.000 euros
- ▶ Para fomentar o emprego ofrécense axudas de entre 5.500 e 10.000 euros orientadas a facilitar a incorporación das persoas desempregadas como socios traballadores ás cooperativas
- ▶ Un cuarto programa financia a achega ao capital social que se desembolsa para a incorporación como socio, de ata un máximo de 4.500 euros se é unha cooperativa ou de 2.000 se se trata dunha sociedade laboral
- ▶ Por último, regúlanse subvencións de ata 10.500 euros para impulsar proxectos empresariais cooperativos, mesmo á fase previa á súa constitución formal

Teo (A Coruña), 12 de marzo de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano máis de 1,8 millóns de euros, un 12 por cento máis que en 2013, en cinco liñas de axudas dirixidas a fomentar o cooperativismo en Galicia das que se prevé que se poidan beneficiar 500 persoas e 80 cooperativas. A convocatoria de subvencións xa saíu publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), polo que o prazo para presentar as solicitudes xa está aberto e rematará o próximo 7 de abril inclusive. Así o destacou en Teo (A Coruña) o director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, quen visitou a cooperativa Lusco e Fusco.

Como novidade este ano, e segundo explicou Martiñá, o departamento autonómico pon en marcha un programa específico para promover a creación de cooperativas entre a mocidade galega, que está incluído tamén no Plan de Emprego Xuvenil. Deste xeito, os mozos e mozas de entre 16 e 29 anos poderán beneficiarse de incentivos de ata 15.000 euros para gastos correntes. "Trátase de poñer en marcha cooperativas xuvenís

financiando desde a Xunta os custos derivados do lanzamento inicial da actividade", explicou Martiñá. Así mesmo, estes mozos e mozas poderán contar, ademais, cun 25 por cento de incremento nas contías contempladas no resto de programas que inclúe esta orde de axudas.

O segundo programa, tamén novidade este ano, céntrase na intercooperación e integración cooperativa, promovendo procesos de concentración entre empresas de economía social e a posta en marcha de proxectos de colaboración empresarial, ao redor de tres eixos: a configuración de proxectos de integración e intercooperación; as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, así como a inmersión nas tecnoloxías da información e as comunicacións; e a comercialización e internacionalización. As subvencións neste caso poden ascender ata 30.000 euros por solicitude.

En xeral, estas axudas van destinadas a cooperativas ou sociedades laborais que, nun mínimo de 4 entidades, participen en proxectos de colaboración empresarial e que realicen

conxuntamente a súa solicitude de axuda, agás no caso de proxectos de integración empresarial nos que só se requiren 2 entidades. Tamén poden beneficiarse as cooperativas de segundo grao e as que resulten dun proceso de fusión.

Fomento do emprego

A orde de axudas destinada a promover o cooperativismo inclúe un terceiro programa dirixido a fomentar o emprego en cooperativas e sociedades laborais. Así, ofrécense axudas de entre 5.500 e 10.000 euros orientadas a facilitar a incorporación das persoas desempregadas como socios e socias traballadores nas cooperativas ou sociedades laborais. A contía da subvención varía en función do colectivo no que se atope o socio ou do traballo polo que se concede a axuda.

Un cuarto programa financia a achega ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio ou socia. Se é a unha cooperativa a axuda é de ata un máximo de 4.500 euros e se é a unha sociedade laboral a contía é de ata 2.000 euros.

Impulso de proxectos

A orde xa publicada no DOG contén, por último, un programa para o impulso de proxectos empresariais e asistencia técnica, mesmo na fase previa á súa constitución formal. A través desta iniciativa, segundo expuxo Martiñá, poténcianse especialmente os procesos de asesoramento e acompañamento das novas iniciativas empresariais dentro da fórmula de economía social, podendo concederse unha axuda de ata 10.500 euros por cada proceso de acompañamento.

<http://www.cooperativasdeg Galicia.com/webs/axudas2014/index.html>



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140307/AnuncioCA05-260214-0001_gl.pdf



Traballo e economía social

Traballo defende a RSE como un modelo “moderno, alternativo e emerxente” comprometido con toda a sociedade

- Traballo conta con ferramentas para o fomento e o desenvolvemento da RSE enmarcadas no Plan estratéxico de RSE Galicia, tales como a rede transrexional, o observatorio permanente, o grupo de representación ou a ferramenta Xunta Pro-RSE.

Vigo, 12 de marzo de 2014.- O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, defendeu a responsabilidade social empresarial (RSE) como “un modelo alternativo, moderno e emerxente, que está comprometido coa nosa sociedade no seu conxunto e coas persoas que a conforman de maneira individual”.

Martiñá inaugurou un encontro sobre Responsabilidade Social Empresarial (RSE), organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo e indicou que implantar estas políticas non supón un gasto adicional, mentres que permite potenciar o prestixio social da empresa

e contribúe á sostibilidade do sistema.

Neste sentido, Traballo conta con ferramentas para o fomento e o desenvolvemento da RSE enmarcadas no Plan estratéxico de RSE Galicia, tales como a rede transrexional, o observatorio permanente, o grupo de representación ou a ferramenta Xunta Pro-RSE.

A rede transrexional ten por obxectivo fomentar a definición de novas vías de promoción da RSE por parte das administracións públicas para pemes; o observatorio pretende avanzar no grao de coñecemento da realidade empresarial neste eido, a realización de proxectos

de investigación, o establecemento de redes de traballo ou a promoción de novos espazos de diálogo.

Pola súa banda, o grupo de representación está composto por 13 empresas punteiras en Galicia. A súa finalidade é o desenvolvemento da RSE a través dun proxecto de tutela das

grandes empresas ás pemes.

A ferramenta Xunta Pro-RSE está dispoñible na web da Consellería e permite ás empresas a integración das variables de RSE na xestión do negocio coa meta de identificar as fortalezas e debilidades e facilitar a elaboración dunha memoria de sostibilidade.

<http://rse.xunta.es/index.php?lang=gl>



A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia nun 3,59% nos dous primeiros meses de 2014

- O maior descenso no número de accidentes dáse na industria cun 17,62% menos
- Os accidentes mortais diminúen nun 50%.

Santiago, 23 de marzo de 2014.- A sinistralidade laboral diminuíu un 3,59% nos dous primeiros meses do ano, cun total de 3.702 accidentes laborais fronte aos 3.840 no mesmo período do ano 2013.

Este descenso dos accidentes laborais non se produciu en todas as provincias, aumentou: en Ourense nunha porcentaxe do 3,04% e na Coruña nun 2,97%; diminuíu: en Lugo nun 1,46% e en Pontevedra nun 14,81%.

Con respecto a só no mes de febreiro, o total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia aumentou un 1,52%. Neste mes rexistráronse

1.867 accidentes fronte aos 1.839 accidentes contabilizados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos sinistros, 1.820 foron leves, 41 graves e 6 mortais.

Por sectores, descendieron os accidentes: na pesca nun 20,00%, na agricultura nun 13,19% e na industria nun 12,54%; e aumentaron na construción nun 9,22% e nos servizos nun 13,31%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, aumentou un 2,42% en febreiro deste ano, respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores,

o maior descenso foi na pesca co 18,16%, na industria foi do 9,98% e na agricultura do 9,54%; houbo un aumento nos servizos do 12,94% e na construción do 16,16%.

<http://issga.xunta.es/portal/index.html>



O programa Empreganav para desempregados do naval supera o seu obxectivo cunha inserción consolidada de máis do 40%

- A Consellería de Traballo e Benestar está a traballar nunha iniciativa complementaria para os anos 2014-2016, dirixida aos traballadores do auxiliar do naval que podería acadar os 400 beneficiarios
- Así o anunciou hoxe a titular deste departamento autonómico, Beatriz Mato, durante a entrega de diplomas aos participantes do Empreganav, entre os que se atopan varios certificados de profesionalidade
- Mato explicou que a maior porcentaxe de inserción produciuse no propio sector do metal, pero tamén en servizos ás empresas, no sector da madeira, no comercio minorista, no sector agroalimentario e na hostalaría, ademais do establecemento de 15 proxectos empresariais novos

Vigo, 18 de marzo de 2014.- O programa Empreganav, posto en marcha co obxectivo de reinserir no mercado laboral os traballadores do sector naval e do metal que tiñan perdido o seu emprego por culpa da crise, logrou a reinserción do 61% dos participantes, 274 traballadores dun total de 450, dos que o 42% acadou unha inserción consolidada, é dicir 189, superando así o obxectivo inicial do programa que era do 35%.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, entregou os diplomas aos participantes desta iniciativa, entre os que se atopan varios certificados de profesionalidade que supoñen unha mellora nos currículos. Ata a actualidade máis de 36.000 galegos e galegas xa conseguiron un certificado de profesionalidade, o que sitúa a Galicia á cabeza de todas as autonomías en formación certificada.

Na súa intervención, Mato indicou que o Goberno é plenamente consciente da situación que está a sufrir o sector e, por iso, o apoia “de forma transversal e coordinada”, tanto desde a Consellería de Traballo e Benestar como desde Economía e Industria, ou desde a Presidencia da Xunta, co máximo compromiso do presidente Feijóo.

En primeiro lugar, apostouse por buscar carga de traballo para os estaleiros, para o que destaca a alianza estratéxica alcanzada con PEMEX que vai reportar a Galicia 600 millóns de euros e

que se vai traducir en 1.400 novos postos de traballo no sector.

Doutra banda, estase a traballar cos profesionais do sector que perderon o seu emprego por culpa da crise. Para iso levouse a cabo un plan integrado de medidas desde o diagnóstico inicial ata a inserción laboral, pasando pola orientación, a formación ou o acompañamento.

No caso de Empreganav, a maior porcentaxe de inserción produciuse no propio sector do metal, pero tamén en servizos ás empresas, no sector da madeira, no comercio minorista, no sector agroalimentario e na hostalaría. Ademais, establecéronse 15 proxectos empresariais novos mediante o autoemprego.

Mato lembrou que este programa se levou a cabo co consenso da mesa do naval do diálogo social e a colaboración



Beatriz Mato na entrega dos diplomas do programa Empreganav

da Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME), a Federación de Industria de Comisións Obreiras e a de UXT, ademais de contar coa participación activa da Fundación Galega do Metal (FORMEGA).

Así mesmo, trátase dun programa que conta co apoio da Unión Europea, en concreto do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), que financiou o 65% do proxecto, que contou cun orzamento total de 3,1 millóns de euros (2 millóns correspondentes a fondos europeos e o resto ás Consellerías de Traballo e Benestar e Economía e Industria).

Programa para auxiliares do naval

A conselleira de Traballo e Benestar anunciou que, tendo en conta os resultados positivos de Empreganav, o departamento autonómico está a traballar nunha nova iniciativa complementaria dirixida aos traballadores do auxiliar do naval.

De feito, xa se ten avanzado co FEAG na proposta dun novo programa de itinerarios integrais de inserción laboral no sector, para desenvolver entre 2014 e 2016, e que podería acadar os 400 beneficiarios.

<http://www.empreganav.com/es>



Emprego e formación

Os mozos e mozas autónomas beneficiaranse dun ano de cotización á Seguridade Social “a custo cero” grazas ao Plan de emprego xuvenil

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, realizou este anuncio no Parlamento galego, onde deu conta das principais liñas de actuación desta nova ferramenta
- ▶ Por primeira vez, os menores de 30 anos que se constitúan como autónomos, e cuxa actividade non supoña un investimento elevado, recibirán 1.200 euros
- ▶ Entre as 19 medidas do Plan, incorpórase de forma pioneira unha axuda de 200 euros mensuais para a contratación daqueles mozos que nin estudan nin traballan
- ▶ Tamén se financiarán, como medida novidosa, 9 meses de prácticas para mozos e mozas titulados, que contarán cunha bolsa de 426 euros ao mes
- ▶ Outro dos eixos principais será a formación, dado que o 60 por cento dos menores de 30 anos en situación de desemprego contan cunha nula ou escasa cualificación.

Santiago, 11 de marzo de 2014.- Os galegos menores de 30 anos que decidan constituírse como autónomos poderán beneficiarse dun primeiro ano “a custo cero” de cotización á Seguridade Social grazas ás medidas que se inclúen no Plan de emprego xuvenil 2014-2015. Así o anunciou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a súa comparecencia a petición propia no Parlamento galego para dar conta das principais liñas de actuacións incluídas nesta nova ferramenta.

Así, a titular do departamento autonómico explicou que unha das principais novidades do Plan será a publicación dunha orde específica para mozos e mozas autónomos, que contará con 9 millóns de euros e 3.100 beneficiarios. As subvencións oscilarán entre os 6.000 e os 10.000 euros, isto é, “ao redor dun 10 por cento máis que as axudas ordinarias para o establecemento de autónomos”.

Nesta liña de axudas, introdúcese por primeira vez unha iniciativa “ambiciosa e novidosa”. Por vez primeira, os menores de 30 anos que decidan constituírse como autónomos, e cuxa actividade non supoña un investimento elevado, recibirán 1.200 euros. Esta medida, combinada coa tarifa plana estatal de 50 euros, suporá que a súa cotización á

Seguridade Social durante o primeiro ano estará subvencionada ao 100 por cento.

Mato sinalou que esta actuación inscribíase dentro da batería de medidas dirixidas ao emprendemento incluídas no Plan: un total de 6, dotadas con 15 millóns de euros e que contarán con máis de 14.000 beneficiarios.

Neste mesmo eido, tamén se habilitan medidas como o programa de axudas ás cooperativas xuvenís, que contarán con incentivos de ata 15.000 euros e cun 25 por cento adicional nas contías das outras axudas ao cooperativismo; o Xuventude Coop, un conxunto de actuacións dirixidas a promover o cooperativismo entre a mocidade galega; a rede de viveiros de empresa; a subvención a fondo perdido de ata un 50 por cento para a creación de pemes; as accións formativas en emprendedurismo; ou as accións formativas para a creación e a xestión de empresas.

Ademais do eixo do emprendemento, o Plan estruturárase ao redor de dous eixos máis: a contratación e a formación.

A área de contratación conta con catro medidas específicas, cun orzamento de máis de 6 millóns de euros e preto de 20.000 beneficiarios. Dentro deste conxunto de actuacións, a conselleira destacou os incentivos á



contratación de mozos que nin estudan nin traballan. Trátase dunha medida novidosa, que consiste en axudas de 200 euros ao mes para as empresas que contraten a estas persoas. A previsión é chegar a 2.000 mozos e mozas grazas a un orzamento de 4,8 millóns de euros.

Estes incentivos complementanse co programa de atención preferente a este colectivo, que disporán dun itinerario individual cara ao emprego, proporcionado polo Servizo Público, e que combinará orientación, acompañamento e formación.

No eido da contratación a conselleira lembrou tamén que haberá incentivos á contratación, de 100 euros mensuais para os beneficiarios da formación dual; ou actuacións como as bolsas de

traballo para xestores en internacionalización.

Formación

A formación é un dos principais eixos do Plan, e aglutina o 75 por cento do investimento total. Mato explicou este esforzo lembrando que “preto do 60 por cento dos mozos que están no paro non teñen estudos ou só contan con estudos primarios”, mentres que aqueles que contan cun título universitario representan “ao redor do 13,5 por cento do total”. Concluíu, polo tanto, que as cifras indican que “canto máis formado estea un traballador, máis posibilidades ten de atopar un emprego”.

Aínda así, o Plan inclúe medidas para a incorporación laboral dos mozos máis cualificados. Créase unha nova ferramenta, que

consiste en bolsas para prácticas en empresas para os menores de 25 anos que dispoñan dalgunha titulación oficial. Terán unha duración de 9 meses, e percibirán unha bolsa de 426 euros ao mes. Esta medida disporá dun orzamento de 3,8 millóns de euros.

Na área da formación, Mato fixo fincapé tamén nas actuacións de formación de mozos sen cualificación, ao que se lles facilitará a obtención de certificados de profesionalidade para os mozos que non dispoñen do título da ESO ou un equivalente. Estas accións formativas dirixiránse prioritariamente a algún dos xacementos de emprego que existen na comunidade galega, en concreto: turismo, instalacións e mantemento, servizos socioculturais, informática ou telecomunicacións. Para este fin destinaranse 4,6 millóns de euros e chegará a máis de 2.200 alumnos.

Ademais, continuarase impulsando os contratos de formación dual, que combinan formación teórica con práctica. Contará cun investimento de 2 millóns de euros, e beneficiará a máis de 800 persoas na comunidade.

Neste mesmo eido inclúense tamén outras iniciativas como a formación de mozos e mozas desempregados na rede de centros educativos da Xunta, os Programas de cualificación profesional inicial, ou a Formación profesional modular.

Plan de emprego

O Plan de emprego xuvenil foi aprobado recentemente polo Consello da Xunta, e ten como principal obxectivo loitar contra o desemprego xuvenil. Está composto por 19 medidas, e un investimento de preto de 100 millóns de euros para os próximos dous anos.

A conselleira destacou que se trata dunha estratexia “pioneira, ambiciosa, áxil, transversal e flexible”. Salientou, tamén, que é o primeiro Plan que mellora a empregabilidade dos mozos e mozas galegas e no que participan varias consellerías da Xunta.

Convocada unha nova edición das probas de competencias clave que poderán beneficiar a preto de 3.000 galegos e galegas

- ▶ Este ano estímase que preto de 3.000 galegos e galegas participen nestes exames dirixidos a aquelas persoas que non posúan os requisitos académicos requiridos para o acceso aos cursos vinculados aos certificados de profesionalidade
- ▶ O prazo para inscribirse nesta actuación rematará o próximo día 10 de abril
- ▶ As probas terán lugar o 24 de maio para o nivel 2 (quenda mañá) e nivel 3 (quenda de tarde) e os exames serán para catro competencias ou materias: lingua galega, inglés, matemáticas e lingua castelá
- ▶ Desde 2009 preto de 15.000 persoas participaron neste proceso que convoca a Dirección Xeral de Emprego e Formación que de media adoitan aprobar un 80 por cento dos participantes

Santiago, 22 de marzo de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar convocou as probas de avaliación en competencias clave para poder acceder ás accións formativas dos certificados de profesionalidade. Este ano estímase que preto de 3.000 galegos e galegas participen nestes exames dirixidos a aquelas persoas que non posúan os requisitos académicos requiridos para o acceso aos cursos vinculados aos certificados de profesionalidade. Deste xeito, mediante este proceso de avaliación específico, poderán demostrar que adquiriron os coñecementos requiridos para cursar os correspondentes módulos dos certificados.

O prazo para inscribirse nesta actuación rematará o próximo día 10 de abril. Os interesados deberán remitir a súa solicitude ao Instituto Galego das Cualificacións. O modelo está dispoñible na Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, e tamén na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballoebenefar.xunta.es/>.

As probas terán lugar o 24 de maio para o nivel 2 (quenda mañá) e nivel 3 (quenda de tarde). En concreto, os exames serán para catro competencias ou materias: lingua galega, inglés, matemáticas e lingua castelá.

A posta en marcha desta

iniciativa responde á renovación que desde 2009 se vén realizando en toda a oferta de formación para o emprego, en base aos novos certificados de profesionalidade. Unha das principais novidades que introducen estes módulos é a de esixir uns requisitos de acceso para os alumnos, que aseguren deste xeito que contan cunha formación mínima para seguir con aproveitamento a actividade.

En definitiva, con este fin, puxéronse en marcha as probas de avaliación en competencias clave, que permiten acceder a estes cursos a aquelas persoas que non poidan acreditar posuír a formación básica necesaria para optar a estes.

Desde 2009 preto de 15.000 persoas participaron neste proceso que convoca a Dirección Xeral de Emprego e Formación que de media adoitan aprobar un 80 por cento dos participantes. Toda a información que se precise ao respecto destas probas pode consultarse na web <http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>.

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>



Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra o mellor mes de marzo desde 2004, cun descenso do paro de 3.608 persoas

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2014.- Galicia rexistrou o mellor mes de marzo desde 2004 en termos de paro rexistrado. Este mes pechouse cun descenso de 3.608 persoas desempregadas, o que en termos porcentuais se traduce nun 1,29 por cento. Deste xeito, Galicia rexistra un total de 276.463 parados.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, valorou esta baixada das cifras de desemprego, que sitúa a Galicia como a terceira comunidade autónoma na que máis diminuíu o paro rexistrado en termos absolutos con respecto ao mes anterior.

De feito, Galicia sitúase por riba da media nacional tanto en evolución mensual como interanual. En concreto, en España o paro descendeu un 0,35

por cento –frente ao -1,29% de Galicia-, un total de 16.620 persoas menos. Deste xeito, o número de desempregados sitúase en 4.795.866 persoas.

Este mes a Comunidade autónoma rexistrou a quinta baixada interanual consecutiva do paro, unha tendencia que comezou en novembro de 2013. Trátase, ademais, do maior descenso interanual de todos eles, cun -5,06 por cento, fronte ao 4,75% da media nacional.

Así, Galicia remata marzo con menos parados dos que había a finais de marzo de 2012. Este dato vén a confirmar a mellora progresiva de contención da destrución de emprego que se iniciou a finais do ano pasado.


Díaz López lembrou tamén que a baixada do paro de 3.608 persoas neste mes dobra a rexistrada

o ano pasado no mesmo mes (-1.636).

A análise por sectores reflicte que o maior descenso produciuse no sector da construción (-1.602), seguido polos servizos (-1.495). A continuación sitúase a industria (-520) e a agricultura e a pesca (-260). O único sector no que sube o paro é no colectivo sen emprego anterior (+269 persoas).

Por provincias, o paro baixou en todas elas. A maior diminución corresponde á de Pontevedra (-1.356), seguida pola Coruña (-1.274), Lugo (-691) e Ourense (-287).

En canto aos contratos, en Galicia rexistráronse no mes de marzo un total de 51.055 contratos, 5.530 contratos máis que no mes anterior; deste total, 4.775 foron indefinidos (9,35%) e 46.280 temporais (90,65%).



Xuventude e voluntariado

Xuventude oferta un total de 8.268 prazas na campaña de verán, un 2,7 por cento máis que o ano anterior

- O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, presentou en rolda de prensa os campamentos, campos de traballo e actividades para maiores de 18 anos
- O orzamento destinado a esta iniciativa supera os 2,3 millóns de euros e permitirá tamén a contratación de máis de 900 persoas como monitores e directores de tempo libre
- Ademais da oferta en Galicia, os mozos galegos poderán optar a campos de traballo noutras comunidades autónomas e no estranxeiro, en países como Finlandia, México ou Taiwan
- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde de convocatoria para os campamentos, dirixidos a mozos e mozas de entre 9 e 17 anos, e cuxo prazo de inscrición estará aberto ata o 10 de abril.

Santiago, 26 de marzo de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, ofertará este ano un total de 8.268 prazas na campaña de verán, un 2,7 por cento máis que o ano anterior.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, presentou en rolda de prensa esta campaña, que inclúe campamentos, campos de traballo e actividades para maiores de 18 anos. “Con esta iniciativa, Galicia pode seguir ofrecendo un recurso de ocio educativo e tempo libre de primeiro nivel”, asegurou.

En concreto, o Goberno galego inviste nestas actividades máis de 2,3 millóns de euros. Este orzamento non só beneficia os usuarios das distintas actuacións, senón que tamén permitirá a contratación de máis de 900 persoas como monitores e directores de tempo libre.

Campamentos

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde de convocatoria para solicitar praza nos campamentos, nos que poderán participar mozos e mozas residentes en Galicia de entre 9 e 17 anos. Posteriormente, realizárase un sorteo público ante notario. O prazo de inscrición estará aberto ata o 10 de abril.

Terán lugar nos meses de xullo e agosto, e desenvolveranse

nun total de 19 albergues e campamentos en toda Galicia.

Na Coruña as instalacións dispoñibles serán as dos albergues xuvenís de Marina Española e Gandarío en Bergondo; e os campamentos de Furelos, en Melide; de Virxe de Loreto, en Porto do Son; e de Espiñeira en Boiro.

No caso de Lugo, os campamentos terán lugar na Residencia Xuvenil LUG II da capital; nos albergues xuvenís de Area, en Viveiro, e de Benigno Quiroga en Portomarín; así como nos campamentos da Devesa en Ribadeo, no dos Chacotes en Palas de Rei, e no Poboado Os Peares.

En canto a Ourense, a campaña de verán desenvolverase no complexo O Corgo en Muíños; no centro de educación ambiental Equal en Coles; no albergue Vilar de Ordellas en Escos; na estación de montaña de Manzaneda; e na residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, na capital da provincia.

Xa por último, en Pontevedra haberá actividades no albergue xuvenil das Sinas, en Vilanova de Arousa; e nos campamentos de Pontemaril, en Forcarei; e na Illa de Ons.

A maiores, Rodeiro explicou que os mozos galegos poderán optar a participar en campamentos de intercambio noutras comunidades autónomas, concretamente no País Vasco, Castela

e León, Extremadura e a Ríoxa. Pola súa banda, participantes doutras comunidades autónomas poderán vir a Galicia.

A duración dos campamentos oscilará entre os oito e os doce días, en función da idade dos participantes e das súas características. Este verán haberá actividades “para todos os gustos e sensibilidades”, desde aquelas de carácter náutico, de dramatización e expresión cultural, a xogos tradicionais, ou deportes de multiaventura. O director xeral salientou que este ano se inicia por primeira vez un proxecto piloto para realizar actividades en inglés no Poboado dos Peares, co obxectivo de elevar o nivel idiomático dos participantes.

Como todos os anos, tamén se colaborará coa Secretaría Xeral de Emigración para facilitar a participación de descendentes de emigrantes galegos. Así mesmo, reservaranse unha serie de prazas para colectivos específicos, que serán xestionados pola Secretaría Xeral de Igualdade, a de Política Social e a Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Unha importante novidade na orde deste ano é que os mozos e mozas con discapacidade inferior ao 65 por cento poden participar na convocatoria, optando en polo procedemento xeral ou ben polo de prazas reservadas para a inclusión social.

Na convocatoria do DOG tamén se inclúe a oferta concertada. A través desta fórmula, Xuventude pon as súas instalacións a disposición de concellos, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas e outros colectivos para que organicen as súas actividades.

Actividades de maiores de 18 e campos de traballo

Ademais dos campamentos e da oferta concertada, a

campaña de verán tamén inclúe actividades para mozos e mozas de entre 18 e 30 anos. A finalidade desta actuación é ofertar unha programación de calidade onde se fomenta o intercambio de experiencias e o coñecemento do territorio. Inclúense actuacións como travesías náuticas, ou programas de convivencia con participantes da Galicia exterior.

Na campaña tamén se ofertan os campos de traballo, cun total de 400 prazas en Galicia, 90 máis que o ano pasado. A convocatoria estará previsiblemente a mediados do mes de abril. Haberá campos de traballo nas Illas Cíes, Cotobade, Riós, Muíños, Celanova, A Peroxa, Portomarín, Ponteceso, Boqueixón, Rois e Melide.

As quendas serán de entre 12 e 15 días, e os campos centraranse en actividades ambientais, etnográficas, sociais, arqueolóxicas ou de fomento do emprendemento.

Os campos de traballo están dirixidos a mozos e mozas galegos, a residentes noutras comunidades autónomas, así como doutros países como Francia, Alemaña, Grecia, Italia, Corea do Sur ou Xapón, así como voluntarios procedentes da Galicia exterior.

A mocidade galega poderá tamén optar a asistir a actividades organizadas noutras comunidades autónomas e no estranxeiro, en países como República Checa, Finlandia, México ou Taiwán.



Xuventude e voluntariado

Máis de 4.300 persoas beneficiáronse das actuacións do Programa de voluntariado dixital da Xunta en dous anos

- Esta iniciativa foi elixida como exemplo de inclusión social a través das TIC a nivel europeo e está a ser analizada nun seminario de avaliación por pares da Comisión Europea que se celebra en Santiago
- A directora da Amtega, Mar Pereira, e o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, clausuraron a primeira das xornadas de traballo
- Expuxéronse 5 das experiencias desenvolvidas no programa destinadas á integración de reclusos, ao envellecemento activo, a persoas con discapacidade, á educación nas TIC para pais e nais e á inclusión social con Cruz Vermella.



A directora da Amtega, Mar Pereira, e o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, clausuraron a primeira das xornadas de traballo

Santiago, 25 de marzo 2014.- O labor de máis de 340 voluntarios dixitais e das 78 entidades adscritas ao Programa de voluntariado dixital da Xunta conseguiu achegar os beneficios das TIC a máis de 4.300 persoas nos últimos dous anos. Esta iniciativa, posta en marcha en febreiro de 2011 pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Traballo e Benestar, ten como obxectivo achegar as novas tecnoloxías á unha maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía.

O Programa de voluntariado dixital foi elixido pola Comisión Europea como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC e está a ser analizado nun seminario de avaliación por pares, que se

celebra en Santiago. No encontro participan representantes de 10 entidades correspondentes a 7 países europeos: Bélxica, República Checa, Polonia, Romanía, Suecia, Reino Unido e Portugal, así como cunha representante da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea, Emanuela Tassa.

A xornada de traballo foi clausurada pola directora da Amtega, Mar Pereira e o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro.

Inclusión dixital, unha prioridade da Axenda dixital galega

A directora da Amtega sinalou que o Programa de voluntariado dixital forma parte da Estratexia tecnolóxica global, 2014.gal, que arrincaba en 2010

cunha liña específica para acadar unha cidadanía dixital, capacitada para afrontar os retos da sociedade da información. Neste sentido, Pereira recordou que ao Voluntariado dixital se suman outras medidas como a posta en marcha en 2011 da rede de aulas públicas CeMIT con formación dixital gratuita, presente xa en todas as comarcas galegas con 98 centros e con máis de 32.000 usuarios rexistrados, e o Plan Abalar, no ámbito educativo, que está a transformar as aulas tradicionais en dixitais e do que xa se benefician 531 centros e 50.000 alumnos neste curso.

A directora da Axencia destacou, tamén, o esforzo na extensión de infraestruturas de telecomunicacións na Comunidade a través do Plan de Banda Larga da Xunta, que facilitou o acceso á internet a máis 700.000 galegos sen cobertura en 2010. Estas medidas, sinalou, permitiron avanzar, pero para cumprir os obxectivos da Axenda dixital europea "debemos continuar traballando" e, nesta liña, indicou que se está a elaborar o Plan de inclusión dixital de Galicia, que se presentará antes do verán e que ten como obxectivo implantar un modelo global e universal de inclusión dixital na Comunidade.

Incremento do voluntariado

Pola súa banda, o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, destacou as melloras que no eido do voluntariado se acadaron en Galicia nos últimos anos. Así, indicou que o voluntariado se incrementou e, deste xeito, as entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria creceron nun 14 por cento, superando hoxe en día xa as 860. Con respecto aos voluntarios, o número de inscritos en 2013 chegaron ata os 36.500 galegos e galegas.

Rodeiro lembrou que a Xunta mellorou o marco normativo neste ámbito impulsando a nova Lei galega de acción voluntaria que o Parlamento galego aprobou por unanimidade en 2011. Tamén o Goberno galego puxo en marcha o Plan Galego de Acción Voluntaria 2011-2014, unha estratexia de presente e de futuro para promover o voluntariado na Comunidade. Neste senso, o director xeral avanzou que xa se está a traballar para darlle continuidade a esta actuación cun novo documento que abarcará desde 2015 ata 2018 e buscará seguir dando resposta aos retos de futuro de todos os actores do sector. Así mesmo, a Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha o Servizo de Voluntariado Xuvenil, que en 2014 vai alcanzar a súa cuarta edición.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>



Por último, o responsable de Xuventude e Voluntariado sinalou que "un dos grandes avances" foi sentar as bases para que os voluntarios poidan acreditar de forma oficial, a través un historial persoal, as súas experiencias adquiridas e concluíu a súa intervención destacando que todas estas melloras se acadaron coa máxima colaboración das entidades de acción voluntaria e asegurando que a alfabetización dixital e reducir ao mínimo a brecha dixital é un dos obxectivos principais dos voluntarios en Galicia.

Cinco experiencias

Durante a primeira xornada do seminario presentáronse cinco experiencias do Programa de voluntariado dixital en colaboración con distintas entidades: a iniciativa de Tecnoloxía e software libre en centros penais galegos, desenvolvida pola Asociación de Usuarios de Software Libre, MELISA; o Proxecto centro de recursos para persoas con gran discapacidade física, realizada por COGAMI; o Proxecto Envellecemento activo da Asociación Sociocultural Os Tilos; o Proxecto Educa R, da operadora R Cable e telecomunicacións; e a Plataforma de Crowdfunding "Agora máis que nunca" de Cruz Vermella.

Seminarios de avaliación por pares

Os seminarios de avaliación por pares son unhas iniciativas impulsadas pola Comisión Europea para difundir entre os países membros iniciativas e proxectos de interese en determinados ámbitos para fomentar a aprendizaxe e o intercambio de información a través da avaliación e a análise crítica por parte de expertos nesa materia. Este método supón que o Estado membro, cuxa iniciativa resultou elixida, organiza un seminario no seu territorio ao que convida a representantes doutros países.

Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Traballo e Benestar marzo 2014, nº 94

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_nx_94_marzo_2014.pdf



Sinistralidade laboral: avance de datos, 2013

Folleto informativo con datos, tratados estatisticamente, relativos aos accidentes de traballo rexistrados en Galicia no 2013. Trátase dun avance no que se amosan datos con carácter previo ao anuario, en tanto non se estabilizan os datos.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Avance_sinistralidade_2013-DEF.pdf



Prevención de riscos na extracción de recursos específicos

Boletín elaborado polo Instituto Galego das Cualificacións con novas relacionadas co emprego e a formación, novidades editoriais, etc.

Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Boletin_do_IGC_nx_12_2014.pdf

Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Boletin_del_IGC_nx_12_2014.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> BITeB, nº94 marzo 2014 Guía RSE para o sector conserveiro de peixes e mariscos Guía RSE para el sector conserveiro de pescados y mariscos Programas de mobilidade xuvenil 2104 Os Atende do Issga. Agro. A muller no agro: embarazo e lactación Erasmus +. 2014-2020. Novo programa de UE | <ul style="list-style-type: none"> para a educación e formación a xuventude e o deporte Campamentos Accion d'Verán '14. Dos 9 aos 17 anos. Catálogo Actividades Acción de Verán 2014 Bodegas. Os A do Issga. Actúa Sinistralidade laboral Galicia 2013 Iniciativa xove 2014 |
|--|---|

DOG

- Orde do 28 de febreiro de 2014 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 45, do 06.03.2014).
- Orde do 28 de febreiro de 2014 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadias e servizos nas residencias de tempo libre adscritas a esta consellería para o ano 2014. (DOG nº 45, do 06.03.2014).
- Orde do 21 de febreiro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo, cofinanciada parcialmente polo FSE, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 46, do 07.03.2014).
- ORDE do 5 de marzo de 2014 pola que se convocan probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo para o ano 2014. (DOG nº 47, do 10.03.2014).
- Resolución do 4 de marzo de 2014 pola que se habilitan asesores e/ou avaliadores no marco do proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia ou familias profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. (DOG nº 47, do 10.03.2014).
- Orde do 26 de febreiro de 2014 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 47, do 10.03.2014).
- Resolución do 5 de marzo de 2014 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Igape polo que se modifican as bases reguladoras das axudas aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (Galicia Emprende). (DOG nº 49, do 12.03.2014).
- Resolución do 4 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 50, do 13.03.2014).
- Decreto 29/2014, do 6 de marzo, polo que se derroga o Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia. (DOG nº 51, do 14.03.2014 e corrección de erros no DOG nº 54, do 19.03.2014).
- Resolución do 7 de marzo de 2014, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación. (DOG nº 51, do 14.03.2014).

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

DOG | Diario Oficial de Galicia

CONSULTA DO DOG | SERVIZOS DO DOG | AXUDA

Consulta do DOG / Diario Nº 23 / II. Autoridades e persoal

Consulta do DOG

Último DOG

Buscar no DOG

DOG por anos

Nº 23

Venres, 1 de febreiro de 2013

Sumario

II. Autoridades e persoal

a) Cesamentos

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECRETO 13/2013, do 31 de xaneiro, polo que se dispón que cese José Manuel Rey Pichel como director xeral do Patrimonio Cultural.

b) Nomeamentos

Páxina

DOG

- Decreto 32/2014, do 6 de marzo, polo que se modifica o Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 52, do 17.03.2014).
- Orde do 11 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2014. (DOG nº 52, do 17.03.2014).
- Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia. (DOG nº 55, do 20.03.2014 e corrección de erros no DOG nº 62, do 31.03.2014).
- Orde do 17 de marzo de 2014 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes desta consellería en réxime de oferta concertada durante a Campaña de verán 2014. (DOG nº 59, do 26.03.2014).
- Orde do 17 de marzo de 2014 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán-2014 e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 59, do 26.03.2014).
- Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas, das entidades asociativas de centros especiais de emprego e das entidades asociativas de empresas de inserción laboral, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 60, do 27.03.2014).
- Resolución do 27 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das

axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 61, do 28.03.2014).

- Orde do 21 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2014. (DOG nº 61, do 28.03.2014).
- Resolución do 25 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se amplía, para as persoas residentes en Venezuela, o prazo de presentación de solicitudes da Resolución do 12 de febreiro de 2014, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa de axudas económicas individuais para residentes no exterior durante o ano 2014. (DOG nº 62, do 31.03.2014).

NORMATIVA CCAA

Andalucía

- Orden de 21 de enero de 2014, por la que se aprueba el Plan General de Inspección de Servicios Sociales para el periodo 2014-2015. (BOJA de 05.02.2014)

Aragón

- Decreto 11/2014, de 4 de febrero, del Gobierno de Aragón, por el que se aprueba el nuevo Programa de Garantía Juvenil de Acción Exterior y se establecen las bases reguladoras para la concesión de las subvenciones contempladas en el mismo destinadas a la financiación de los costes salariales derivados de la contratación de jóvenes titulados universitarios aragoneses en situación de desempleo en la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA de 07.02.2014)
- Orden de 12 de febrero de 2014, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se convocan para el año 2014 las subvenciones reguladas en el Decreto 70/2013, de 30 de abril, del Gobierno de Aragón, por el que

se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para la creación, consolidación y mejora del empleo y de la competitividad en cooperativas y sociedades laborales. (BOA de 17.02.2014)

- Orden de 13 de febrero de 2014, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria para el año 2014 para la concesión de subvenciones para la financiación del acondicionamiento de alojamientos destinados a trabajadores temporales del sector agropecuario en Aragón. (BOA de 17.02.2014)
- Resolución de 12 de febrero de 2014, del Director Gerente del Instituto Aragonés de Empleo, por la que se convocan para el año 2014 las subvenciones del Programa ARIN-SER, para la integración socio-laboral de personas en situación o riesgo de exclusión a través de empresas de inserción. (BOA de 17.02.2014)
- Orden de 27 de enero de 2014, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se

actualiza el contenido de la Carta de Servicios de la Red de Oficinas de Empleo del Instituto Aragonés de Empleo aprobada mediante Orden de 15 de febrero de 2010, del Consejero de Economía, Hacienda y Empleo. (BOA de 18.02.2014)

- Orden de 27 de enero de 2014, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se actualiza el contenido de la Carta de Servicios del Instituto Aragonés de Empleo en materia de Formación para el Empleo aprobada mediante Orden de 23 de diciembre de 2011, del Consejero de Economía y Empleo. (BOA de 18.02.2014)
- Orden de 24 de febrero de 2014, del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se modifica la Orden de 24 de julio de 2013, por la que se regulan las prestaciones del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia, la capacidad económica de los beneficiarios y su participación en el coste de los servicios, en la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA de 28.02.2014)

NORMATIVA CCAA

Asturias

- Resolución de 30 de enero de 2014, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se regula el Registro de Centros y Entidades de Formación para el Empleo. (BOPA de 05.02.2014)

Baleares

- Resolución de la Consejera de Familia y Servicios Sociales, por la cual se actualizan las cuantías correspondientes a la prestación económica básica, las prestaciones adicionales para otros miembros del núcleo familiar, el cómputo total máximo y la prestación económica mínima de la Renta Mínima de Inserción del ejercicio 2014. (BOIB de 06.02.2014)
- Resolución de la consejera de Familia y Servicios Sociales de 19 de febrero de 2014 de modificación de la Resolución de 22 de noviembre de 2013 por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones dirigidas a entidades privadas sin ánimo de lucro para financiar el servicio de apoyo a la vivienda autónoma para personas con discapacidad intelectual. (BOIB de 25.02.2014)

Canarias

- Orden de 31 de enero de 2014, por la que se convocan los premios del Instituto Canario de Igualdad, correspondientes a los años 2012 y 2013. (BOC de 05.02.2014)
- Resolución de 26 de diciembre de 2013, por la que se dispone la publicación del Convenio de Colaboración entre la Administración Pública de la Comunidad Autónoma de Canarias y el Cabildo Insular de..., para la prestación de servicios en Centros Residenciales y Centros de Día y de Noche a personas en situación de dependencia y, en general, a personas mayores o con discapacidad. (BOC de 07.02.2014)

Cantabria

- Corrección de errores a la Orden HAC/06/2014, de 14 de enero, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria de subvenciones destinadas a fomentar las actividades de entidades dedicadas a la prevención de riesgos laborales, publicada en el BOC número 18, de 28

